



Museo Das Peregrinacións e de Santiago (MNCDII)

Actividades educativas arredor da exposición fotográfica

“ Les gens du chemin. Peregrinación a Saintes Maries de la Mer”



Cada ano no mes de maio, a fermosa e apacible vila de Saintes Maries de la Mer en Francia échese de cor, de música e de fervor relixioso. Comeza a festa das Santas Marias, María Salomé e María Jacobé, e, especialmente Santa Sara, Sara a Kalí, patrona dos xitanos. Miles de xitanos chegados de toda Europa e mesmo de outros continentes, instálanse nos campamentos establecidos para a ocasión e mestúranse coa poboación local e os curiosos turistas, desexosos de comprender a diversidade e aprender algo novo. É un tempo de alegría, de encontro con familiares e amigos aos que non se viu en moitos meses, e tamén o momento de adoración a súa Santa.

As fotografías de Olga Seoane que leva anos acudindo á celebración, transmiten a intensidade das emocións vividas por todos os que peregrinan a Saintes Maries de la Mer, e son unha oportunidade única para achegar ao público o coñecemento da historia e da cultura xitana que, tras séculos de marxinação e discriminación, mantén a súa esencia.

Con motivo desta mostra, o **Museo das Peregrinacións** ofrece á comunidade educativa as seguintes actividades gratuítas:

Contos Rromané 14, 15 e 16 de maio (con motivo do Día Internacional dos Museos)

Unha participativa sesión de contos rodeados das fotografías da exposición que ten como obxectivo dar



a coñecer aspectos da cultura xitana e afondar no concepto de igualdade e diferenza empregando a narración de contos e a música de guitarra flamenca en directo.

Sebastián Porras Soto, actor, escritor e contacontos e Manuel Cortés Muñoz, guitarrista, son os condutores da sesión. Ambos exercen un intenso labor nos proxectos culturais da Fundación Pere Closa para a formación e promoción do pobo xitano.

Dirixido a escolares de 2º e 3º ciclo de Primaria. Un grupo/aula por sesión. Duración 50 min.

Vistas dinamizadas á exposición do 20 de maio ao 20 de xuño

Un ameno e dinámico percorrido pola mostra con pequenas actividades que achega a historia, crenzas, idioma, música, valores dos xitanos a través das imaxes da Peregrinación a Saintes Maries de la Mer; contribue á ruptura de ideas preconcebidas e os estereotipos; e potencia a educación intercultural e en valores, tales como a diversidade, o respecto e a tolerancia, incorporando a cultura xitana na cultura galega como parte do seu mosaico cultural.

As visitas están conducidas por dous educadores, un deles xitano que fai unha transmisión directa dos valores e características da cultura á que pertence.

Dirixido a escolares de 2º e 3º ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato. Un grupo/aula por sesión.

Duración 1 hora

Reservas

- Hai un número limitado de actividades dispoñible, tanto para os Contos Rromané como para a Visitas dinamizadas á exposición. As reservas faranse a través de correo electrónico e serán aceptadas por rigoroso orde de chegada ata esgotar ese límite.
- Para formalizar a reserva é preciso remitir un correo electrónico a Create Servizos Culturais info@creartesc.es coa seguinte información:

Podedes pegar esta táboa no corpo do correo electrónico que nos remitades

Nome do docente:
Centro educativo:
Enderezo electrónico:
Teléfono de contacto:
Nome da actividade que se solicita: Contos Rromané ou Visita dinamizada á mostra
Nivel educativo do curso/s para os que fai a reserva:
Data é hora preferente da actividade escollida (por favor indicade un par de datas que vos conveñan) 1ª data/hora de preferencia:
2ª data/hora de preferencia:

Create Servizos Culturais encárgase da xestión das reservas e da execución do proxecto educativo. Podedes chamar ao teléfono **881 91 30 55** se precisades información adicional.

As actividades desenvólvense na Sala de Exposicións Temporais do **Museo das Peregrinacións e de Santiago**, Rúa de San Miguel, 4 en Santiago de Compostela www.mdperegrinacions.com

Máis información e reservas:

Create Servizos Culturais

T. 881 91 30 55

info@creartesc.es

www.createsc.es

